

1ª xornadas de socioloxía da educación

26 de marzo a 17 de abril. Horario de 18:00 h. a 21:00 h.

A Coruña (CEFORE), Lugo (Auditorio Deputación Provincial) Ourense (Auditorio Municipal) Pontevedra (Pazo da Cultura) Santiago (Auditorio de Galiza) Vigo (IES San Tomé) Ferrol (Local Sindical)

Galiza no mundo EDUCACIÓN E SOCIEDADE

TEMA DO RELATORIO	AUTOR/A
A nosa lingua, da orixe até hoxe	Xosé Ramón Freixeiro Mato
Ensino e conflito lingüístico	Pilar García Negro
Ideoloxía, poder e educación	Jurjo Torres Santomé
Alternativas a un mundo unipolar. (Venezuela, Bolivia...)	Kellie Germond
O modelo neoliberal	Xavier Vence Deza
De reino a nación	Bieito Alonso Fernández
O pensamento nacionalista	Xoán Carlos Garrido Couceiro
Memoria Histórica e aplicacións no ensino	Matías Rodríguez da Torre
A papel de Galiza no contexto Estatal	Francisco Rodríguez Sánchez
Claves para comprender a hexemonía dos Estados Unidos e o seu plan estratéxico para o século XXI	Celso López Pazos

I XORNADAS DE SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN
26 de marzo a 17 de abril. Horario de 18:00 h. a 21:00 h.

GALIZA no mundo

Educación e sociedade

Pontevedra
Vigo
Ourense
Lugo
Santiago
A Coruña
Ferrol

A nosa lingua, da orixe até hoxe
Xosé Ramón Freixeiro Mato

Ensino e conflito lingüístico
Pilar García Negro

Ideoloxía, poder e educación
Jurjo Torres

Alternativas a un mundo unipolar.
(Venezuela, Bolivia...)
Kellie Germond

O modelo neoliberal
Xavier Vence Deza

De reino a nación
Bieito Alonso Fernández

O pensamento nacionalista
Xoán Carlos Garrido Couceiro

Memoria Histórica e aplicacións no ensino
Matías Rodríguez da Torre

O papel de Galiza no contexto Estatal
Francisco Rodríguez Sánchez

Claves para comprender a hexemonía dos Estados Unidos e o seu plan estratéxico para o século XXI
Celso López Pazos

Estas xornadas teñen
validade e homologación
pola Consellería de
Educación
por 31 horas

Información e inscrición: www.cig-ensino.com

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Ferrol
Mércores 26-3	Matías Rodríguez da Torre	Francisco Rodríguez Sánchez	Pilar García Negro	Bieito Alonso Fernández	Xavier Vence Deza	Xosé Ramón Freixeiro Mato	Celso López Pazos
Xoves 27-3	Bieito Alonso Fernández	Matías Rodríguez da Torre		Xosé Ramón Freixeiro Mato	Pilar García Negro	Kellie Germond	Xoán Carlos Garrido Couceiro
Luns 31-3	Xavier Vence Deza	Pilar García Negro	Xosé Ramón Freixeiro Mato	Kellie Germond	Celso López Pazos	Xoán Carlos Garrido Couceiro	Francisco Rodríguez Sánchez
Mércores 2-4	Kellie Germond	Celso López Pazos	Matías Rodríguez da Torre	Xavier Vence Deza	Bieito Alonso Fernández	Jurjo Torres Santomé	Pilar García Negro
Xoves 3-4	Xosé Ramón Freixeiro Mato	Bieito Alonso Fernández	Francisco Rodríguez Sánchez	Pilar García Negro	Kellie Germond	Matías Rodríguez da Torre	Jurjo Torres Santomé
Luns 7-4		Xavier Vence Deza	Xoán Carlos Garrido Couceiro		Francisco Rodríguez Sánchez	Celso López Pazos	Xosé Ramón Freixeiro Mato
Martes 8-4			Jurjo Torres Santomé	Matías Rodríguez da Torre			
Mércores 9-4	Xoán Carlos Garrido Couceiro	Kellie Germond	Celso López Pazos	Jurjo Torres Santomé	Matías Rodríguez da Torre	Bieito Alonso Fernández	Xavier Vence Deza
Xoves 10-4	Francisco Rodríguez Sánchez	Xosé Ramón Freixeiro Mato	Bieito Alonso Fernández	Xoán Carlos Garrido Couceiro	Jurjo Torres Santomé	Pilar García Negro	Matías Rodríguez da Torre
Luns 14-4	Pilar García Negro	Xoán Carlos Garrido Couceiro	Xavier Vence Deza		Xosé Ramón Freixeiro Mato	Francisco Rodríguez Sánchez	Kellie Germond
Martes 15-4				Celso López Pazos			
Mércores 16-4	Celso López Pazos	Jurjo Torres Santomé	Kellie Germond	Francisco Rodríguez Sánchez	Xoán Carlos Garrido Couceiro	Xavier Vence Deza	Bieito Alonso Fernández
Xoves 17-4	Jurjo Torres Santomé						

1º Xornadas de socioloxía da Educación

Educación e Sociedade. GALIZA NO MUNDO

A socioloxía da educación trata de contextualizar a educación no seu contorno social, político e económico. Pretende rachar os límites físicos e institucionais da escola para debater de xeito crítico o marco no que se insire a reprodución de coñecementos e construción de valores nunha determinada sociedade.

Neste caso estamos a situar nun espazo xeográfico concreto como é Galiza o exame das estruturas sociais e as relacións políticas e económicas vixentes desde unha perspectiva diacrónica, revisando o seu carácter histórico, máis tamén desde un punto de vista sincrónico, situando as dinámicas propias en relación co plano Estatal e cos conflitos mundiais que repercuten directa ou indirectamente tanto na socialización do alumnado como na conformación dos valores e actitudes do profesorado, que terán a responsabilidade de intervir no proceso educativo desde unha posición determinada, isto é, que non sexa aséptica nin neutral, mais que se abra á busca da verdade e obxectividade a través do respecto das distintas opinións e do debate das diferentes ideas.

Hoxe en día, os axentes do proceso educativo están bombardeados continuamente a través duns medios de comunicación que empregan efectos emocionais de impacto instantáneo así como de borrado inmediato de información con seguinte novo golpe informativo que cancela o anterior, impedindo profundar e analizar con detemento as claves que explican os distintos acontecementos. Hai temas de actualidade de tipo cultural (conflito lingüístico, historia de Galiza como nación, memoria histórica, o pensamento nacionalista) económico (poder e educación, modelo neoliberal) e político (Galiza no Estado, a hexemonía mundial, os conflitos internacionais...) que merecen ser tratados co suficiente detemento para ter ocasión de escoitar análises proporcionadamente extensas que permitan abordalos máis alá dos tópicos e os esquematismos propios do balbordo mediático e seren obxecto de debate e de contraste de pareceres cun modelo de actividades demorado e aberto no que haxa un tempo para o coloquio e a discusión cos relatores.

A socioloxía da educación, en definitiva, toca aqueles temas que impregnan a actividade cognitiva de todos os que se atopan inmersos no proceso educativo de xeito inconsciente e determinante e que, porén, os que pretenden illar o ensino da vida exclúena consciente e interesadamente.

Nestas xornadas, eliximos algúns deses asuntos que inflúen na vida cotiá do colectivo pedagóxico pola súa relevancia como temas de disputa nos confrontamentos sociais; por poñer en foco claves que axudan a comprender as relacións de dominio ou alianza que se producen na sociedade, por ser ilustrativos de experiencias que se están a producir e das que se poden extraer leccións útiles ou por daren a coñecer elementos da propia historia e da realidade do país que poña en valor o xenuíno, en prol dunha autoestima indispensábel como sustento da formación de cidadáns e cidadás activos/as, conscientes das súas propias forzas e confiados nas potencialidades que posúen.

A) ENTIDADES CONVOCANTES

- a. CIG-ENSINO E AS-PG

B) DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE

- a. I XORNADAS DE SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN. EDUCACIÓN E SOCIEDADE. GALIZA NO MUNDO

C) MODALIDADE FORMATIVA

a. XORNADAS

D) OBXECTIVOS PREVISTOS

- a. Comprender a inserción da función educativa na realidade envolvente
- b. Analizar as funcións da educación e da escola na estrutura social.
- c. Analizar as mudanzas na sociedade no nivel cultural, social, económico, tecnolóxico e da información, e outros fenómenos sociais aos que a escola non pode ser impermeábel.
- d. Analizar os fenómenos de innovación e resistencia das organizacións e dos axentes.
- e. Analizar os obxectivos e as dificultades que se poñen ao planeamento da educación e os atrancos económicos, sociais e institucionais cos que atopa.
- f. Analizar algunhas dimensións dos conflitos sociais que se poden abordar desde a escola e integralas no currículo
- g. Dominar os conceptos e metodoloxías de comprensión dos acontecementos (e dos problemas) actuais máis perentorios.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN:

Na páxina web da CIG-ENSINO www.cig-ensino.com

Matrícula: Normal 50€, Parados/as 30€, Afiliados/as e socios/as AS-PG:12€